# Un mes de Estado de Alarma

## Que pasou nas Neves ata hoxe?

Concello
As Neves

# Índice


- Medidas adoptadas
- Servizos creados
- Iniciativas de participación
- O Concello informa


Concello
As Neves

# Medidas adoptadas

Concello
As Neves

# BANDO: medidas urxentes

Ver BANDO: https://bit.ly/2XtEhpK



Concello
As Neves

BANDO

Con motivo da pandemia do novo coronavirus, e en consonancia coas medidas aprobadas polas autoridades sanitarias para conter o avance do contaxio; o Concello das Neves **acorda:**

1. Cancelar todos os actos, reuninós e citas de lecer, deportivas, culturais, sociais e veciñais organizadas no concello dende hoxe, 12 de marzo e ata novo aviso.
2. Suspender tamén toda a actividade nos centros dependentes do Concello.
3. Restrinxir o acceso presencial ás oficinas do Concello para realizar só aqueles trámites administrativos urxentes e/ou imprescindibles, e optar pola xestión a distancia, chamando ao 986.64.80.38 ou accedendo á páxina web www.asneves.gal.
4. Recomendar a todas as organizacións, asociacións, clubs e entidades que teñan previsto actos deste tipo, que tamén os desconvoquen.

Ademais, aconséllase a toda a poboación que faga só os desprazamentos estritamente necesarios e siga os consellos de hixiene recomendados polas autoridades sanitarias.



**Asinado electronicamente á data que figura na marxe,**
**O Alcalde-Presidente**
Xosé Manuel Rodríguez Méndez

# Reunión de Urxencia do Goberno Municipal co Persoal do Concello

- Anúlase a atención presencial das oficinas do Concello
- O persoal interno do Concello para a realizar teletraballo
- Número mínimo de persoas nas dependencias do Concello
- Garantiranse os servizos esenciais municipais

Concello As Neves

# Creación dunha comisión de seguimento

- Alcaldía
- Tenencias de alcaldía
- Concellería de Servizos Sociais e Sanidade
- Representantes da oposición
- Persoal do Centro de Saúde



Concello
As Neves

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

MEDIDAS PREVENTIVAS NOS CENTROS E LUGARES DE TRABALLO
MEDIDAS PROCEDIMENTAIS E DE CARACTER ORGANIZATIVO
ADOPTADAS NO CONCELLO DE AS NEVES COMO CONCECUENCIA DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19

O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e contase coa autorización do Congreso de Deputados.

**A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.**

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

Polo exposto, o Concello de As Neves adopta as seguintes medidas, aplicables no período que abrangue dende o 16 de marzo e ata o día 29 de marzo de 2020, e que poderían prorrogarse se fose preciso e contase coa preceptiva autorización legal :

**1)** Todo o persoal que desempeñe funcións e cometidos -dentro de edificios ou instalacións administrativas- que non poidan desenvolverse mediante traballo non presencial, deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior ao persoal que teña asignadas funcións de carácter esencial, que deberá acudir presencialmente ao seu lugar de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixa, de acordo co previsto no apartado seguinte.

**2)** Os servizos administrativos municipais funcionarán a porta pechada de 9 a 14 horas., **Só previa cita telefónica ou telemática, en casos de extrema urxencia e imperiosa necesidade, atenderán presencialmente,** por medio dunha única persoa.

DECRETO
Número: 2020-0081 Data: 17/03/2020

Ver Decreto: https://bit.ly/2UZRLYl

# Informes da comisión de seguimento

- **Trasladados pola portavoz:** Pilar González Casas, Concelleira de Ensino e Benestar Social.
- Recollerán o traballo realizado e medidas futuras.
- Xeraranse diariamente.

Concello
As Neves

# A partir de agora:
# Reunións de goberno telemáticas



Concello
**As Neves**

# Suspensión dos procesos administrativos abertos




Ver nova: https://bit.ly/2wvGCoQ

# Aprazamento de cobro de impostos municipais




Ver nova: https://bit.ly/2xpjhWe

# Aumento do horario de atención telefónica de Servizos Sociais







Ver nova: https://bit.ly/2Vp8raM

# Entrega de mascarillas e luvas a todos os establecementos abertos ao público






Material doado. Grazas!

# Novas sobre as entregas de material de seguridade aos establecementos públicos




Ver nova: https://bit.ly/3c9w6Tn




Ver nova: https://bit.ly/2XwEU1B




Ver nova: https://bit.ly/3b2nr4Z

# Entregas de material de seguridade
# ao persoal externo do Servizo de Axuda no Fogar



Ver nova: https://bit.ly/34wpGLJ

# Desinfeccións de espazos públicos de todo o concello




Medios cedidos por *Talleres La Almudena*

Grazas!




Ver nova: https://bit.ly/3cdTM9s

# Intensificación das desinfeccións. Tamén contedores do lixo






Ver nova: https://bit.ly/2RKmyGS

# Colocación de 'mampara' no Centro de Saúde


Concello As Neves
8 de Abril ás 19:35 ·
O Concello coloca unha 'mampara' de protección no Centro de Saúde
ASNEVES.GAL
**O Concello coloca unha 'mampara' de protección no centro de saúde - Concello das Neves**

Ver nova: https://bit.ly/3bfb2e0

# Distribución de desinfectante de mans nos supermercados das Neves



# Servizos creados

Concello
As Neves

# Servizo de entrega de bens de primeira necesidade para persoas vulnerables

Ver nova: https://bit.ly/3a46UfA



# Servizo de atención telefónica a persoas maiores que viven soas




Ver nova: https://bit.ly/2JZFeOx




Ver nova: https://bit.ly/2xcN98w

# Servizo de axuda a familias con nenos e nenas en idade escolar




Ver nova: https://bit.ly/2VplyJj

# Servizo de atención psicolóxica telefónica a persoas con TEA e TDAH





*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello
As Neves

## Servizos creados durante o Estado de Alarma

- **Entrega de bens de primeira necesidade** a persoas en situación de vulnerabilidade.
- **Asistencia telefónica a persoas maiores** que viven soas.
- **Axuda a familias con nenos e nenas en idade escolar** para adquirir material para seguir as clases *en liña*.
- **Atención psicolóxica telefónica a persoas con TEA e TDAH**.

**Para solicitalos, chama a Servizos Sociais:**

**986 66 71 34 / 689 98 42 10**

(9:00 a 21:00 h)

# Iniciativas de participación

Concello
As Neves

# #TempoNaCasa:

- Consellos psicolóxicos para o confinamento
- Axenda para dolescentes confinad@s do Colexio de Psicoloxía de Galicia

**CONSELLOS PSICOLÓXICOS PARA O CONFINAMENTO DENTRO DA CASA** (1/2)

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**1. Evitar o exceso de información**

Só nos informaremos nun momento concreto do día (de mañá, de tarde ou de noite). O resto do tempo ocuparémolo en actividades non relacionadas co tema.

**2. Pensamento positivo**

Debemos esquecer que non nos deixan saír e centrarnos en que estamos facendo un ben para a sociedade.

**3. Utilizar a tecnoloxía**

Manter o contacto coas persoas que máis queremos cos medios tecnolóxicos que temos ao noso alcance.

**CONSELLOS PSICOLÓXICOS PARA O CONFINAMENTO DENTRO DA CASA** (2/2)

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**4. Manter unha actitude activa**

Complementar o tempo diante dunha pantalla con exercicios que nos permitan manter unha certa actividade física.

**5. Planear unha rutina diaria**

Deseñada por nós. Debe incluír un horario de traballo/estudo, orde/limpeza da casa, comidas, exercicio e descanso.

**6. Axudarse mutuamente**

Reunirnos e tomar conciencia das dificultades que poden supoñer estes días a nivel psicolóxico. Acordar que imos colaborar e apoiarnos para pasalos do mellor xeito posible.




Programa completo na web: https://bit.ly/3b3NWHs

# Programa de reflexión #TempoNaCasa



Convidámoste a que aproveites este **tempo na casa** para **reflexionar.**

É unha boa ocasión para crear redes de **solidariedade veciñal** a través dunha reflexión conxunta sobre o modelo social que desexamos.

- Este é o modelo social no que nos gustaría vivir?
- En que se basea o modelo social que queremos?

📌 Propoñeremos un **tema** cada dous ou tres días para a reflexión e para **compartirmos suxestións** de películas, libros, etc. que nos axuden a afondar sobre eles.

**Tempo na casa. Tempo para a reflexión**

*#QuedaNaCasa*

Concello As Neves

---

**Concello As Neves**
2 horas ·

🏠😊Van ser días longos, nos que se xerará estrés e malestar psicolóxico. Por iso é aconsellable que sigamos unhas pautas para frear ou atenuar os efectos negativos deste período de confinamento.

👇Velaquí un breve programa a modo de suxestión:




ASNEVES.GAL

**Tempo na casa durante a crise polo COVID-19 - Concello das Neves**

Programa completo na web: https://bit.ly/3b3NWHs

# Tema 1 do Programa #TempoNaCasa




Algunhas propostas




Ver documental: https://bit.ly/2XrvVi9




Ver documental: https://bit.ly/3efRAQz

# Tema 2 do Programa #TempoNaCasa







Ver documental: https://bit.ly/2yVbxvN

# Tema 3 do Programa #TempoNaCasa




Algunhas propostas




Podes velo aquí: https://bit.ly/34vsXL3




Podes velo aquí: https://bit.ly/2V4L47I

# Tema 4 do Programa #TempoNaCasa



# Análise da Internet nas Neves

## Fase 1: Enquisa Xeral



Análise da internet nas Neves

Concello As Neves

Dende o Concello estamos a facer unha análise da situación actual da internet do noso territorio. Falamos tanto da cobertura móbil como de internet na casa.

As tres grandes operadoras, subministradoras da cobertura móbil, aseguran que nas Neves temos 4G con moi boa intensidade na práctica totalidade dos lugares.

En canto á conexión a internet na casa, non existen datos xerais, pero si se pode consultar o estado de cada enderezo a través das súas páxinas web:

- Movistar https://bit.ly/2yZKU90
- Vodafone https://bit.ly/2RCxia1
- Orange https://bit.ly/2yRYqeC

**Fase 1:** ***Enquisa xeral***

Máis detalles: https://bit.ly/2wICIsO



# Análise da Internet nas Neves

## Fase 2: Medimos as velocidades das conexións







Máis detalles: https://bit.ly/2wICIsO

# Iniciativa de confección de mascarillas e batas




Máis detalles: https://bit.ly/2wxzVTg

# Primeira recollida de mascarillas e batas cosidas por veciñas e veciños




Ver nova: https://bit.ly/2K0UISu

# Banco de Alimentos Colaborativo




Máis detalles: https://bit.ly/3b9fI5u

# #RequeixoNaCasa







Ver nova: https://bit.ly/2RwARid




Ver nova: https://bit.ly/2yXkgxD

# Feira do Requeixo "Virtual"

Fotos doutras edicións e da presentación deste ano




13:00 h
Cé Orquestra Pantasma




16:30 h
Paco Nogueiras




20:30 h
Xabier Díaz



# Todas as iniciativas de participación, na web do Concello:




Acceder: https://bit.ly/2XBdR58

# O Concello informa

Concello
As Neves

# Retransmisión da primeira intervención de Pedro Sánchez:

## Adianto do contido do RD 463/2020.

Ver vídeo: https://bit.ly/3b50Sg0



# Publicación do contido do RD 463/2020 que regula o Estado de alarma.




Ver RD: https://bit.ly/34viaAD




## Recordatorio:

- Medidas de protección
- Que facer en caso de síntomas

Ver cartel: http://bit.ly/2TZaOAC

# Medidas a cumprir no rural




Ver nova: https://bit.ly/2Veuy3y

# RDL 10/2020: Regula o Estado de Alarma a partir do 30/03




Ver nova: https://bit.ly/2ww84CW

# Información sobre a hixiene de mans e sobre as mascarillas confeccionadas polas veciñas e veciños das Neves









# Información sobre a seguridade no traballo

**Guía de boas prácticas nos centros de traballo** (1/2)
Fonte: Ministerio de Sanidade 11/04/2020

## Antes de ir ao traballo

- Ante calquera síntoma (tose, febre, dificultade para respirar, etc.) asociado á COVID-19, NON acudas ao traballo.
  Chama ao 900 400 116.
- **Non** debes acudir a traballar ata que che confirmen que non hai **riscos** para ti e para as e os demais.
- Se estiveches en **contacto** estreito cunha persoa con **COVID-19**, non debes acudir a traballar, incluso en ausencia de síntomas, durante **14 días**.
- Se es vulnerable por razóns de idade, embarazo ou padecer outras patoloxías anteriores, non terás que acudir a traballar.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**Guía de boas prácticas nos centros de traballo** (2/2)
Fonte: Ministerio de Sanidade 11/04/2020

## Nos desprazamentos ao traballo

Garda uns **2 m de distancia** se vas **andando**.

- A pé/en bicicleta/en moto, **non** se precisa **mascarilla**.
- Se vas en **turismo**, extrema a **limpeza** do vehículo e evita que viaxe máis d**unha persoa** por cada **fila** de asentos, mantendo a **maior distancia** posible.
- TAXI En **taxi**, só debe viaxar **unha persoa por cada fila** de asentos mantendo a **maior distancia posible** entre ocupantes.
- En **autobús** garda a **distancia** de seguridade coas demais persoas. O/a **conductor/a** controlará o **aforo** e o cumprimento da distancia interpersoal. Recoméndase usar unha **mascarilla hixiénica**, non médica.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

Guía completa do Ministerio: https://bit.ly/2yPgo1j

# Oferta de lecer cultural #QuedaNaCasa

## Xogos de convivencia. Lectura, teatro, TV e cinema *en liña*

**PROPOSTAS PARA O #TempoNaCasa** (1/3)

*#QuedaNaCasa*

Concello As Neves

1. **Recuperar a oralidade,** compartindo ditos, cancións, recitados etc na web **"Orella pendella"** https://orellapendella.gal/

2. Para **xogar,** a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) ofrece na súa páxina web, catro opcións diferentes, para nenas e adultas. https://www.as-pg.gal/en-xogo

3. **Ler.** A plataforma de préstamo de obras en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas (GaliciaLe) permite acceder aos seus libros incluso sen ter carné de biblioteca. https://www.galiciale.gal

**PROPOSTAS PARA O #TempoNaCasa** (2/3)

*#QuedaNaCasa*

Concello As Neves

4. **Contar contos.** En Kalandraka TV ofrecen vídeos con "Contos contados" http://www.kalandraka.tv

5. **"Aulas galegas"** é un portal educativo que contén material clasificado por niveis e materias. https://aulasgalegas.org

6. Mellorar o **coñecemento do galego:**
   a. "Recursos para medrar en galego" bit.ly/medengal
   b. Exercicios para traballar arredor da lingua galega https://www.ogalego.eu/
   c. O programa **"Dígocho Eu"** da TVG bit.ly/digochoeu.

**PROPOSTAS PARA O #TempoNaCasa** (3/3)

*#QuedaNaCasa*

Concello As Neves

7. **Ver** os programas do **Xabarín Club** da TVG bit.ly/xabarin

8. **"O Proxecto Terra"** do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ofrece unha ampla gama de actividades educativas que teñen como eixe central o coñecemento do territorio http://proxectoterra.coag.es/

9. **O cinema galego** está nun excelente momento. Algunhas opcións de acceso libre:
   a. **Novo Cinema Galego:** bit.ly/novocinema
   b. **Mostra Internacional de Cinema Etnográfico:** bit.ly/micegal.

Ver nova: https://bit.ly/2V25VIL

# Cursos para Xuventude e Voluntariado










Ver nova: https://bit.ly/3b5LAaX

# Conmemoracións

## Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e Día Mundial do Teatro




Ver vídeo: https://bit.ly/34vC5PO

## 150 aniversario do nacemento de José Gil




Ver documental: https://bit.ly/34tTUil

## Día Mundial da Saúde



# Campaña de fomento da Compostaxe







Ver nova: https://bit.ly/2JWgcQ7

# Informe da Comisión de seguimento

## Resumo da primeira semana

**Comisión de seguimento do COVID-19.**
***21/03/2020***
(1/3)

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello
As Neves

1. **Organización** de **quendas** do **persoal** para atender o Concello e Servizos Sociais e **garantir os servizos** de recollida de lixo, limpeza e outros servizos no exterior.
2. **Aumento** do persoal de **Servizos Socias** con dúas persoas para atender axeitadamente as necesidades actuais.
3. Organización do **Banco de Alimentos**, para cubrir as necesidades destes días.
4. **Programa de entrega de alimentos, medicinas e outras necesidades urxentes** na casa a quen o solicite.
5. **Seguimento** telefónico de **persoas** de avanzada idade que viven **soas**.

**Comisión de seguimento do COVID-19.**
***21/03/2020***
(2/3)

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello
As Neves

6. **Servizo de Atención Temperá** operativo telematicamente de 8 a 15 horas.
7. Programa de **atención telefónica** das persoas dos **grupos sociocomunitarios**.
8. Envío de **comunicación** á Xunta coas **medidas adoptadas** polo Concello.
9. Comunicación da posta a **disposición** do **Ministerio de Sanidade** do **Centro de Día**.
10. **Seguimento** diario da **situación** no Concello a través do **Centro de Saúde**.
11. **Programa de dinamización** *Tempo Na Casa* da Concellería de Cultura.

**Comisión de seguimento do COVID-19.**
***21/03/2020***
(3/3)

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello
As Neves

**Outras accións sobre as que se está a traballar:**

1. **Desinfección de espazos públicos** con colaboración cidadá. (Arredor das farmacias, estanco, supermercados e Mercado Municipal).
2. **Campaña do Banco de Alimentos:** Recollida de produtos frescos aportados polos veciños e veciñas.

Ver nova: https://bit.ly/2JZFeOx

# Informes da Comisión de seguimento




Ver nova: https://bit.ly/2yNr9kM







Ver nova: https://bit.ly/3edLmjU

# Informes da Comisión de seguimento

**Comisión de seguimento do COVID-19.**
***30/03/2020***

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**1. O actual persoal do Centro de Saúde** dá **negativo** nas probas de COVID-19. A falta de coñecer un resultado.

**2. Apertura do Centro de Saúde** recuperando a actividade vía telefónica.

**3. Creación de axudas** para permitir o acceso ao material escolar a todo o alumnado do concello.

**4. Desinfección** dos contedores do lixo e dos composteiros comunitarios de todo o concello.

**Comisión de seguimento do COVID-19.**
***31/03/2020***

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

1. **O actual persoal do Centro de Saúde** dá **negativo** nas probas de COVID-19.

2. **Non se rexistra ningún contaxio** por COVID-19 entre a **veciñanza**.

3. **Aprazamento do cobro de impostos** municipais.

4. Garántense os **servizos esenciais** na ampliación de medidas de prevención contra o COVID-19.

**Comisión de seguimento da COVID-19.**
***02/04/2020***
(1/2)

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

1. **Seguimos sen rexistrar casos de contaxio** por coronavirus no concello.

2. **O Concello lembra que compostar** tamén axuda a frear o avance do coronavirus ao evitar as saídas para ir ao contedor verde.

3. Inicíciase unha **análise** da situación actual da **conectividade** (móbil e internet) no concello.

# Informes da Comisión de seguimento

**Comisión de seguimento da COVID-19. 02/04/2020**

(2/2)

**4. Detección das necesidades** dos veciños e veciñas coa colaboración do voluntariado.

5. Traballo para a creación dun servizo telefónico de **apoio psicolóxico** inicialmente destinado ás persoas dos grupos sociocomunitarios.

**6. Desinfección de espazos públicos:** Rematada unha nova rolda de zonas de elevado uso nas parroquias e no centro.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**Comisión de seguimento da COVID-19. 04/04/2020**

**1. Seguimos sen rexistrar casos** de contaxio de coronavirus no concello.
(Realizados, só onte, 16 tests. Todos negativos)

**2. Adquisición de material sanitario:**

- Envío da Xunta
- Doazón de Maite Isla
- Pedido á FEGAMP

3. Desenvolvemento de **iniciativa de cosido de mascarillas e batas** con material cedido.

**4. Continuación do reparto** do material sanitario entre os establecementos abertos ao público no concello.

**5. Traballo na creación dun servizo** de **apoio psicolóxico** telefónico destinado a persoas con TEA e TDAH.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**Comisión de seguimento da COVID-19. 06/04/2020**

**1. Seguimos sen rexistrar casos** de contaxio de COVID-19 entre habitantes das Neves.

2. Existe unha **persoa que vive coa súa familia en Ponteareas** e ten o médico de cabeceira nas Neves, polo que o Sergas imputa o caso ao noso concello.

**3. Novas recollidas (doazóns) e entregas** de mascarillas e batas.

**4. Recibimos tamén doazóns de pantallas de seguridade e bolsas** para transportar o material que entregamos.

**5. Agradecemos a alta participación cidadá** na iniciativa de confección de mascarillas e batas e no banco de alimentos colaborativo.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

Nova na web: https://bit.ly/2RvPC4G

# Informes da Comisión de seguimento










Ver nova: https://bit.ly/2V1dFuj

# Informes da Comisión de seguimento

**Comisión de seguimento da COVID-19.**
***09/04/2020***

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) informa do **primeiro caso de contaxio** por COVID-19 nas Neves.

Trátase dunha persoa de máis de 70 anos, á que **se fixo a proba no '*Covid-Car*' do Hospital do Meixoeiro**.

Permanece no Hospital Álvaro Cunqueiro, onde se atopa en **bo estado**.

Os seus **familiares non presentan síntomas** da enfermidade.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello
As Neves

**Comisión de seguimento da COVID-19.**
***13/04/2020***

1. **Seguimos tendo un só caso rexistrado** de contaxio de COVID-19 nas Neves.
2. **Colocación de desinfectante de mans** na entrada dos **supermercados** das Neves.
3. **Entrega de mascarillas e luvas ás farmacias** destinadas á **poboación de risco**.
4. **Nova recollida de batas e mascarillas confeccionadas** por veciñas e veciños.
5. **Nova rolda de desinfección** das zonas de máis uso de todo o concello. Será a **cuarta**.
6. **O noso agradecemento**, tamén, ás persoas que están a colaborar no **Banco de Alimentos**.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello
As Neves

**Comisión de seguimento da COVID-19.**
***14/04/2020***

1. **Seguimos tendo un só caso rexistrado** de contaxio de COVID-19 nas Neves.
2. **Contamos xa con 35 persoas** de todas as parroquias cosendo batas e mascarillas.
3. **Distribución dunhas 300 mascarillas** nos establecementos abertos ao público. Pode solicitalas calquera persoa que as precise.
4. **Séguese recibindo unha gran cantidade** de **achegas para o banco de alimentos** que se completa ademais con compras nos establecementos locais.
5. **Mañá inicia o servizo** de asistencia psicolóxica para persoas con TEA e TDAH.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello
As Neves

# Informes da Comisión de seguimento

**Comisión de seguimento da COVID-19. *15/04/2020***

1. **Seguimos tendo un só caso rexistrado** de contaxio de COVID-19 nas Neves.
2. **Recepción dun pequeno lote** de material da Xunta.
3. **Agradecemento** do Centro de Saúde, as farmacias e o persoal de Atendo polo material facilitado polo Concello.
4. **Lembramos:** O **servizo** de axuda para as familias con fillas e fillos en idade escolar, é preciso solicitalo **chamando a Servizos Sociais** (986 66 71 34 / 689 98 42 10).
5. **Doazón de 15 pantallas de protección** de Talleres *La Almudena* de Taboexa.
6. **Colaboración co IES** para facerlle chegar tres ordenadores para o alumnado.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**Comisión de seguimento da COVID-19. *16/04/2020***

1. **Seguimos tendo un só caso rexistrado** de COVID-19 nas Neves.
2. **Na vindeira semana** recolleranse alimentos na sede da *Fundación Amigos de Galicia* para o **Banco de Alimentos** que se entregarán a familias con menores ao seu cargo.
3. **Máis doazóns para o Banco de Alimentos** da empresa *Mascato* de Salvaterra de Miño e dunha voluntaria.
4. **Apertura dos bancos a partir do luns:**
   - ABANCA Martes e venres, de 8:15 h a 14:15 h
   - Santander: De luns a venres, de 9:00 a 12:00
5. **Doazóns de EPI's:** 5 mascarillas de ABANCA e 16 pantallas de *Electricidade Condado*.
6. **As usuarias do Centro de Día** tamén queren participar na confección de mascarillas.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

**Comisión de seguimento da COVID-19. *17/04/2020***

1. **Seguimos tendo un só caso rexistrado** de COVID-19 nas Neves.
2. **Nova reposición de mascarillas** e outro material de protección, entre os establecemento abertos ao público.
3. **Control do estado das augas** da **traída municipal**, que se atopan en perfectas condicións.
4. **No Centro de Saúde,** a **atención** segue a facerse por vía **telefónica** (986 64 83 75). É posible asistir ao centro ou á unidade de respiratorios do PAC de Ponteareas, tras unha avaliación da situación.
5. **Lembramos** que, ante calquera un dos **síntomas da COVID-19** (febre, tose seca e/ou dificultade para respirar), pódese chamar ao 900 400 114.

*#QuedaNaCasa*
*#TempoNaCasa*

Concello As Neves

# Todas as novas da COVID-19 na web do Concello:




Acceder:
https://bit.ly/3b9dzqs

# #ViveNasNeves